



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES:

ÁBALOS DÍAZ, ELISA
ALÉN GONZÁLEZ, M^o. ELISA
ÁLVAREZ MOREIRA, JOSÉ ÁNGEL
ANAYA REVUELTA, INMACULADA
ARDID DE CABO, ANA
ARIAS SÁNCHEZ, PEDRO
BADAOUTI FERNÁNDEZ, AÍDA
BARAJAS ALONSO, ÁNGEL ANTONIO
BARCIA RODRÍGUEZ, IGNACIO
BARREIRO ALONSO, ENRIQUE
BARREIRO RODRÍGUEZ, ROCÍO
BLANCO PESQUEIRA, ANTONIA
BLANCO SIERRA, JAVIER
BRAVO BERNÁRDEZ, JORGE
BUJÁN SANTOS, JÓNATAN
CABALLERO RÚA, ARMANDO
CALVO RUBIAL, NATIVIDAD
CAPARRINI MARÍN, NATALIA
CARBALLO GONZÁLEZ, ÁNGELES
CEBRO RODRÍGUEZ, XOÁN MANUEL
CID FERNÁNDEZ, XOSÉ MANUEL
COMESAÑA GONZÁLEZ, BRAIS
COUTO DARRIBA, JESÚS
CURRÁS VALLE, CONSUELO
DE LOS BUEIS MELLADO, JORGE
DOMÍNGUEZ CASTRO, LUÍS
DOMÍNGUEZ GROBA, HUGO
DOMÍNGUEZ MOREIRA, ISABEL
DOVAL RUÍZ, MARÍA ISABEL
ENRÍQUEZ SALIDO, M^o. DEL CARMEN
ESTÉVEZ TORANZO, MARGARITA
FALAGÁN MOTA, JORGE
FARIÑAS GARROTE, BEATRIZ
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO
ALBERTO
FERNÁNDEZ JAUREGUI, MANUEL
FERNÁNDEZ LÓPEZ, FRANCISCO JAVIER
FERNÁNDEZ SOUTO, ANA BELÉN
FRAIZ BREA, JOSÉ ANTONIO
GÁNDARA PÉREZ, JOSÉ ANTONIO
GARCÍA FONTÁN, SOLEDAD
GARCÍA GONZÁLEZ, MARTA
GIL MARTÍN, EMILIO
GIL VILLANUEVA, JOSÉ M^o
GODOY MALVAR, EDUARDO
GONZÁLEZ ÁLVAREZ, MIGUEL
GONZÁLEZ BELLO, MARCOS
GONZÁLEZ CERDEIRA, JULIA
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, M^o. ÁFRICA
GONZÁLEZ PIÑEIRO, PATRICIA
GRAÑA RODRÍGUEZ, ANA MARÍA
GUTIERREZ NIETO, MANUEL
GUTIÉRREZ SÁNCHEZ, ÁGUEDA
LAGO FERREIRO, ALFONSO
LEMA LEMA, ADRIÁN
LLAMAS NISTAL, MARTÍN
LOECK HERNÁNDEZ, JUAN
LORENZO CIMADEVILA, ENRIQUE
MARTÍN ORTEGA, ELENA BEATRIZ
MARTÍNEZ PIÑEIRO, MANUEL
MATO DE LA IGLESIA, SALUSTIANO
MEANA MARTÍNEZ, JUAN CARLOS
MEJÍAS SACALUGA, ANA M^o.
MÉNDEZ ABELLEIRA, BEGOÑA
MÍGUEZ FERNÁNDEZ, PABLO

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 13 de decembro de dous mil trece, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O día **13 de decembro de 2013**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 17 de xuño de 2013.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria-2014.
4. Eleccións ao Claustro Universitario: aprobación, se procede, dos agrupamentos de centros que haberán de constituír as circunscricións electorais para o sector “outro persoal docente e investigador” (art. 4.4 do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario).
5. Presentación do proxecto de regulamento de estudantes da Universidade de Vigo e información do procedemento de propostas de mellora.
6. Presentación do proxecto de regulamento de avaliación e cualificación da aprendizaxe do alumnado da Universidade de Vigo e información do procedemento de propostas de mellora.
7. Aprobación, se procede, da reforma puntual do artigo 16.2 do Regulamento de Profesorado.
8. Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:
 - a. Sector Estudiantes: 2
 - b. Sector Decanos/Directores: 1
9. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
 - a. Sector PDI-A: 1
 - b. Sector Estudiantes: 2
10. Elección dos seguintes postos na Comisión Electoral:
 - a. Sector PDI-B: 1
11. Rogos e preguntas.

MOJÓN OJEA, ARTEMIO
MOLLINEDO LOIS, CARLOS
MORÁN MARTÍNEZ, Mª PALOMA
MOURE RODRÍGUEZ, MARÍA JOSÉ
MUÑOZ LÓPEZ, LUÍS
NIETO FAZA, OLALLA
NOMBELA CASTAÑO, MIGUEL ÁNGEL
NOVOA FERNÁNDEZ, YOLANDA
ORGE ÁLVAREZ, BEATRIZ P.
PAZ DOMONTE, ENRIQUE
PAZÓ MARTÍNEZ, Mª CONSUELO
PÉREZ COTA, MANUEL
PÉREZ DIZ, ÁNGEL EDUARDO
PÉREZ GÓMEZ, LUÍS
PÉREZ LORENZO, MOISÉS
PÉREZ RODRÍGUEZ, MARÍA ROSA
PÉREZ TRASEIRA, BEATRIZ
PILLADO GONZÁLEZ, ESTHER Mª.
QUINTÁS CORREDOIRA, Mª. ANGELES
RAMOS CABRER, MANUEL
REY GARCÍA, DANIEL
REY LOSADA, FRANCISCO JESÚS
RÍOS SANTOMÉ, MARÍA JOSÉ
RIVAS CONDE, FILEMÓN
RODRÍGUEZ DE PRADO, FRANCISCO
RODRÍGUEZ MÉNDEZ, MIGUEL ENRIQUE
SÁEZ OCEJO, JOSÉ LUIS
SÁNCHEZ BELLO, PATRICIO ALFREDO
SIEIRO VÁZQUEZ, Mª. DEL CARMEN
SIOTA ÁLVAREZ, MÓNICA
SURÍS REGUEIRO, JUAN CARLOS
TUGORES MARTORELL, FRANCISCO
VALDERRAMA SANTOMÉ, MÓNICA
VALDÉS PEÑA, MARÍA DOLORES
VALEIJE ÁLVAREZ, Mª. INMACULADA
VALLEJO POUSADA, RAFAEL
VAQUERO DÍAZ, Mª. BEATRIZ
VÁZQUEZ VICENTE, XOSÉ H.
VELEIRO PINAL, IVÁN
VERA ISASA, MARÍA
VIDAL VÁZQUEZ, RICARDO
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:
ALBA CASTRO, JOSÉ LUIS
BASALO DOMÍNGUEZ, DAVID
ANEIROS PEREIRA, JAIME
BUENO ALONSO, JORGE LUIS
DE LORENZO RODRÍGUEZ, Mª EDITA
FERRO SOTO, CARLOS
GRANDE SEARA, PABLO
IGLESIAS BRIONES, MARÍA JESÚS
LORENZO GARCÍA, LOURDES
RAMA MARTÍNEZ, Mª ESPERANZA
ROMERO GONZÁLEZ, RUBÉN
VILA ALONSO, Mª DE LAS MERCEDES

Con carácter previo, o reitor informa dos seguintes acordos adoptados pola Mesa do Claustro ao inicio da sesión:

1. Non autorizar as solicitudes de intervención no Claustro do 13/12/2013 recibidas na secretaria xeral :

- Dona Adela M. Sánchez Moreiras, en relación a intervenir no punto 6 da orden do día: Presentación do proxecto do Regulamento de avaliación e cualificación da aprendizaxe do alumnado da Universidade de Vigo.
- D. Ángel Rodríguez Gallardo, en relación ao punto 11: Rogos e preguntas.

A Mesa decide que as peticións non están relacionadas con ningún punto específico da orde do día, polo que os profesores non poden estar afectados directamente, en consecuencia os rogos e preguntas deberán ser formulados e canalizados a través dos lexítimos representantes do Claustro.

2. Ordenar alfabeticamente os pedimentos de palabra: de acordo co establecido no artigo 16 do Regulamento do Claustro, procedeuse a sortear a letra, sendo a letra sorteada o M.

3. Determinar o tempo de cada intervención: acórdase dar un límite de tempo máximo de 5 minutos e 3 minutos á quenda de réplica (art. 16.4.e).

Seguidamente, o reitor informa que o proceso electoral pode comezar dende o inicio da sesión do Claustro, de modo que todos os claustrais poden proceder a depositar o seu voto durante toda a sesión.

Informa, que cando se chegue aos puntos relativos ás eleccións, daranse 15 minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaron o podan facer; tamén, que non se van realizar todas as eleccións convocadas, xa que para as eleccións de Consello de Goberno sector decanos/directores, só se presentou unha candidatura e para a Comisión Electoral do sector PDI B non se presentou ningunha candidatura.

As eleccións que hai que realizar son:

1) Representantes de Estudiantes no Consello de Goberno:

Hai 2 postos. Só poden votar os estudantes. De acordo co Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, cada estudante claustral

votará como máximo ao 70% dos candidatos ou candidatas que deben ser elixidos, é dicir, a 1. As papeletas son de cor branco.

2) Representantes de estudantes no Tribunal de Garantías:

Hai 2 postos vacantes. Só poderán votar os estudantes claustrais. Poden votar como máximo a dous candidatos ou candidatas. As papeletas son de cor rosa.

3) Elección de representantes do PDI-A no Tribunal de Garantías:

Hai 1 posto vacante. So poderán votar o profesorado do sector PDI-A (profesorado doutor con vinculación permanente). Poden votar como máximo a 1 candidato ou candidata. As papeletas son de cor amarelo.

Nestas dúas últimas, hai que celebrar eleccións, xa que de acordo co artigo 143.3 dos Estatutos, os candidatos teñen que obter 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 17 de xuño de 2013.

Non habendo alegacións á acta, apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Toma a palabra o reitor para dar conta do Informe anual ante o Claustro da Universidade de Vigo. Manifesta o que segue.

Señoras e señores membros do Claustro da Universidade de Vigo:

Comparezo ante vostedes en cumprimento do artigo 60, apartado a) dos Estatutos da Universidade de Vigo, para presentar o informe anual sobre a miña xestión como Reitor desta universidade.

Un ano máis veño dar conta dunha situación marcada polas consecuencias da crise económica e da xestión que dela se ven facendo desde os gobernos central e autonómico. Porén, coido que o balance que hoxe podó presentar é positivo dentro das circunstancias.

As restricións máis importantes ás que nos temos enfrontado durante o ano 2013 refírense aos recortes no financiamento da universidade, particularmente no Capítulo I e á contratación de persoal.

Os recortes salariais impostos pola Xunta de Galicia durante o ano 2013, con continuidade no ano 2014, supoñen un golpe máis ás traballadoras e traballadores públicos obrigados a asumir de novo os custos da crise.

Respecto das convocatorias de prazas de profesorado a situación empeorou durante o ano 2013. A taxa de reposición para PDI funcionario permitía unicamente a convocatoria de 2 prazas deste colectivo. Tras a negociación na mesa sindical acordouse convocar 2 prazas de

profesorado titular de universidade, que foron aprobadas o pasado mes de novembro. A Xunta de Galicia, en cumprimento da lei de orzamentos do estado non autorizou ningunha praza fixa de PDI laboral. Despois de varios meses de negociación coas consellerías de facenda e educación conseguimos a contratación temporal de todas as persoas do PDI con dereito a solicitar prazas estables e que remataban contrato no ano 2014.

Permítanme que, de novo, como xa o fixen en varias ocasións ante este claustro e ante o consello de goberno insista en que o rexeitamento destas leis e normas non nos permite incumprilas, xa que a seguridade xurídica que suporía este comportamento poría en risco os dereitos dos traballadores e á institución no seu conxunto.

Continuarei este informe referíndome á oferta de títulos e as cifras de matrícula no curso 2013/14. Respecto do primeiro curso de grao o número de estudantes matriculados é 3550 o que supón 16 estudantes máis que o ano pasado. Estamos aproximadamente nun 95% de ocupación, con só 180 prazas vacantes entre os 3 campus. Tras o axuste da oferta que se realizou nos últimos anos atopámonos nunha situación de estabilización.

Por campus, o número de estudantes de primeiro curso de grao é:

- OU: 806 matriculados, 92% de ocupación
- PO: 690 matriculados, 96% de ocupación
- VI: 2054 matriculados, 96% de ocupación

Hai que sinalar que neste curso ofertouse por primeira vez no campus de Ourense a simultaneidade de estudos de enxeñaría informática e ADE.

O pasado 3 de decembro tivo lugar unha xuntanza na Consellería de Educación na que o Secretario Xeral de Universidades presentou un conxunto de posibles liñas de actuación sobre as que se podería traballar ao longo do ano 2014 cara a unha futura reforma do mapa de titulacións. Esta presentación, da que non tiñamos ningunha información previa, formula propostas e suxestións elaboradas de xeito unilateral pola Consellería de Educación, que non coinciden coas reformas dos títulos que nós temos presentado. Pensamos que as nosas propostas permitirán mellorar a calidade e a demanda dos títulos aprofundando na súa eficiencia. Descoñecemos os obxectivos da Consellería de educación a este respecto, pero seguiremos traballando na liña na que o viñamos facendo.

Nos másteres, o número de alumnos novos foi de 1683, fronte aos 1707 do pasado curso. O número de títulos de máster que se están a impartir é de 63, despois de que o decreto de titulacións se modificase para permitir por un curso aqueles con matrícula inferior a 20 estudantes. Outros 8 másteres foron suspendidos a proposta dos centros responsables.

O número total de estudantes é de 22250, 39 estudantes menos que o curso pasado, o que tamén reflicte a estabilización no tamaño da universidade.

Os cambios normativos máis salientables aprobados neste ano foron:

- A aprobación e entrada en vigor da normativa de permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e de máster.
- A posta en marcha do repositorio institucional tras a aprobación da política institucional de acceso aberto á produción científica.

- A aprobación do regulamento de voluntariado. O número de persoas apuntadas como voluntarias foi de 125 no curso 12/13.
- A aprobación do regulamento de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o nomeamento da comisión técnica contemplada no mesmo. Esta comisión xa iniciou o seus traballos o pasado mes.
- A aprobación do regulamento de mobilidade internacional e do plan de internacionalización lingüística e o nomeamento das comisións contempladas no mesmos.

Respecto dos resultados en investigación e transferencia, comezarei por citar a visibilidade acadada pola nosa universidade nos ránkings máis importantes para a comunidade científica, aínda que en moitos casos contemplan non só a produción de investigación e transferencia senón outros parámetros relacionados coa docencia. A universidade situouse entre as mellores 400 do ránking mundial Times Higher Education en 2012-2013 e 2013-2014. Neste mesmo ránking, na clasificación das mellores universidades con menos de 50 anos de vida atopámonos entre as 100 mellores. No ránking Webometrics que elabora o Laboratorio de Cibermetría do CSIC e que mide o impacto das universidades polas súas páxinas web, estamos situados no 2013 ao igual que en 2011 e 2012 entre os 500 mellores. Respecto da clasificación Scimago, en 2013 a universidade de Vigo ocupa o posto 16 entre as universidades españolas e se sitúa entre as 50 primeiras entre as iberoamericanas. No informe CyD da Fundación Conocimiento y Desarrollo, que mide o impacto normalizado da produción científica ocupamos o primeiro posto de España en Ciencia dos materiais, o segundo en Ciencias da computación e o cuarto en Agricultura e Bioloxía.

Pola súa importancia destacarei tamén a sinatura do convenio Táctica que se realizará o día 18 deste mes. A través deste proxecto institucional recibiremos 7.100.000 € do fondo tecnolóxico. Temos outros proxectos institucionais en carteira, 3 Life+ e 1 da convocatoria ERA-Chairs.

Durante o curso 2012/2013 un total de 773 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional de estudos ou prácticas. A maior parte, 646, fixérono dentro do programa Erasmus. Tamén nas respectivas convocatorias Erasmus participaron 71 docentes e 14 persoas do colectivo de PAS. O número de estudantes estranxeiros recibidos foi de 533.

Unha das apostas desenvolvidas este ano e en xeral ao longo do meu período como reitor é a especialización dos campus.

O Campus da auga iniciou a súa andaina o pasado ano e neste momento xa conta cun financiamento de 5,5 millóns de euros en 3 anos aprobado pola Xunta de Galicia. Trátase dun proxecto que pretende ser dinamizador dunha rede multidisciplinar e integrada de unidades de educación, investigación e transferencia de tecnoloxía e coñecemento. Para alcanzar esta misión, foron definidas cinco liñas de orientación estratéxica en: educación, investigación, transferencia de tecnoloxía e coñecemento, internacionalización e financiamento sostible.

Campus da Auga constrúese sobre 6 piares que representan áreas de colaboración multidisciplinar que aglutinan o coñecemento know-how desenvolto no campus de Ourense e lle outorgan coherencia baixo o paraugas da temática da auga: Alimentación, Xestión do recurso auga, Innovación social e educativa, Medio ambiente, Tecnoloxías da Información e a Comunicación e Turismo – patrimonio cultural.

O Campus CREA, o proxecto de especialización do campus de Pontevedra, comezou a materializarse neste ano 2013. Tras diversas reunións da Comisión integrada polas decanas e decanos do campus xa temos realizado o diagnóstico do campus e deseñado as liñas de orientación estratéxica.

Nestes momentos estamos a elaborar o plan estratéxico e deseñando o plan de acción para a súa implantación.

No referente ás bolsas de estudantes cabe destacar as novas axudas por causas sobrevidas que se convocaron por primeira vez neste curso. Ata o momento recibíronse 35 solicitudes, das que 3 foron concedidas, 8 denegadas e o resto atópanse á espera da resolución das bolsas do MEC ou de tramitación.

No curso 12/13, 428 estudantes recibiron unha bolsa de comedor. Co incremento no orzamento neste curso o número de bolseiros será de 500.

Tamén foron convocadas neste ano 81 bolsas de formación complementaria para estudantes.

Durante o curso 12/13 o número de solicitudes de bolsa do MEC para grao e máster foi de 9534, das que foron concedidas 5562, o 58%. No presente curso, o número de solicitudes, aínda sen resolver, é de 9268.

Durante o ano 2013 asináronse 400 novos convenios de cooperación educativa. Ao abeiro destes e doutros convenios xa existentes realizaron prácticas externas máis de 2000 estudantes.

Respecto as obras e infraestruturas, no campus de Vigo rematouse a construción do Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI), licitouse o equipamento dunha parte do edificio de Centro de Apoio a Investigación (CACTI) e comezouse a construción do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO).

Realizouse un anteproxecto dos edificios situados na ETEA, que serán a sede do Campus do Mar. No momento que os terreos sexan cedidos pola Xunta de Galicia, iniciarase a redacción dos proxectos e a licitación das obras.

Fíxose unha reordenación urbanística do entorno do MTI, para unha mellor adecuación da parada de autobús e do acceso ao propio edificio.

No campus de Pontevedra estase a rematar a obra de Urbanización que mellorará os viais, aparcamentos, zonas verdes e as instalacións de iluminación do entorno das facultades de Ciencias da educación e do deporte e Fisioterapia.

No campus de Ourense rematáronse as obras do Xardín Medioambiental e realizáronse as obras de ampliación do Edificio Xurídico Empresarial ao tempo que se equiparon as aulas do novo espazo.

Estase traballando na implantación de subministración de gas natural nos tres campus. Isto permitirá unha maior eficiencia na xeración de calor nos edificios e un aforro no consumo enerxético.

Na área de normalización lingüística continuáronse as actividades habituais de cursos de formación, axudas a investigación en lingua galega e premios de poesía, relato curto e tradución literaria. Desenvolveuse ademais a campaña “Gústame o galego”. Rematou neste ano a presidencia e coordinación da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística e presentaremos en breve a edición do informe co diagnóstico da situación do galego na investigación e na docencia, onde nos facilitan unhas liñas de actuación que nos permitan corrixir as súas eivas.

A Unidade de Igualdade, ademais de organizar nos 3 campus da Universidade diversas actividades de sensibilización coa igualdade de xénero, implementou durante este ano varias accións recollidas no I Plan de Igualdade entre mulleres e homes como a elaboración dun «Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo» actualmente en estudo ou a organización da «III Xornada de Innovación en Xénero. Docencia e Investigación» para impulsar a incorporación da perspectiva de xénero na docencia, na investigación e na transferencia de coñecemento.

Ademais, este ano por primeira vez o «Proxecto de Visibilización ARTISTAS» tivo presenza nos dous centros de arte contemporánea de referencia en Galicia o MARCO e o CGAC.

Rematarei este informe referíndome ao Campus do Mar. Durante o ano 2013 traballouse na personalización xurídica do Campus do Mar. Existe xa un borrador de estatutos que se espera que culminen na creación da Fundación Campus do Mar.

No primeiro semestre de 2013 foron aprobados os planos estratéxicos dos Clústers de I+D e actualmente estase a traballar na definición e desenvolvemento de proxectos de investigación en diferentes ámbitos para seren presentados a convocatorias competitivas.

A través do programa de contratos predoutorais Campus do Mar da Xunta de Galicia nos vindeiros días serán contratados 12 investigadores. Paralelamente, durante 2013 mantivéronse contactos coa Xunta de Galicia para a posta en marcha do Programa postdoutoral de Campus do Mar.

Asemade, 10 investigadores postdoutorais estranxeiros incorporáronse a Campus do Mar, financiados durante 36 meses pola UE grazas á consecución dun financiamento de 900.000€ dentro das accións Marie Curie, COFUND.

Este ano púxose en marcha a área de Transferencia do Campus do Mar coa incorporación ao equipo de tres xestores de innovación que teñen como principal misión a conexión dos investigadores do Campus do Mar co tecido produtivo.

Dentro do programa de emprendemento organizouse a Escola de Emprendedores – Edición Campus do Mar e nas actividades de apoio ao emprego, en marzo púxose en marcha o portal de emprego MAR*JOB.

En 2013, Campus do Mar continuou promovendo e fomentando a súa proxección internacional, recibindo visitas de representantes de institucións relacionadas coa docencia e a investigación mariña e viaxando a diferentes puntos do planeta co obxectivo de establecer novas alianzas.

No eido da Cooperación para o Desenvolvemento, continuouse coa execución do programa de Fortalecemento da Investigación Mariña en Cabo Verde

O Programa de Doutoramento en Ciencia, Tecnoloxía e Xestión do Mar (DO*MAR) contou con 35 estudantes matriculados no seu primeiro ano que son xa 51 no curso actual

No mes de setembro presentouse ao Ministerio de Educación o informe de progreso do Campus de Excelencia Internacional 2010-2013. O xurado internacional encargado da avaliación outorgoulle a cualificación de “A – Bo progreso” destacando como fortalezas o investimento en capital humano, a captación de recursos externos, a colaboración entre institucións, a creación dun programa de doutoramento propio, a cooperación para o desenvolvemento en países como Cabo Verde e a proxección cara á sociedade e o público en xeral. A principal debilidade que se apunta na avaliación ten que ver coa a necesidade de clarificar o alcance do proxecto e os seus límites.

Remato este informe destacando que se trata do último no que comparezo ante vostedes neste período como reitor. Consciente das dificultades dos tempos nos que estamos considero cumprido o meu programa electoral e teño a certeza de que temos avanzado como institución coa colaboración e a complicitade de todas e de todos. Este traballo conxunto é o que nos conforma como unha universidade pública, plural e aberta a sociedade.

Punto 3. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria-2014.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen apoiándose en soporte power point fai o seguinte informe.

Comeza a súa intervención facendo unha sucinta descrición do escenario orzamentario no que se enmarca a xestión económica da UVigo. Di que vén marcada pola combinación de dúas forzas. Por unha banda, o marco de negociación coas administracións públicas (Plan de Financiamento do SUG 2011-2015; Plans de sustentabilidade para o período 2012-2014) e pola normativa autonómica e estatal que afecta ao ámbito universitario. Por outro lado, o vicerreitor remarca a situación de crise económica na que estamos inmersos e salienta as dificultades das empresas para contratar actividades de I+D+i, así coma as das familias no financiamento dos estudos. Neste punto sinala que a posición da UVigo foi inequívoca nos seguintes aspectos: oposición á suba das taxas e prezos públicos, negociando co goberno galego a conxelación nos prezos das primeiras matrículas; defensa do mantemento dos niveis de financiamento do SUG; defensa da non inclusión dos empregados das universidades na futura lei de emprego público de Galicia, negociación co goberno autonómico de criterios de financiamento por resultados fronte a criterios históricos incondicionados; e a procura dunha meirande pegada da Universidade de Vigo na captación de fondos comunitarios.

Respecto ao balance de resultados do Plan de Financiamento do SUG 2011-201, di que o actual plan de financiamento é restritivo para o desenvolvemento dos obxectivos das universidades galegas, pero que, non obstante, a estabilidade que se deriva da existencia dun marco de financiamento plurianual é moi positiva dende o punto de vista da xestión. Na súa opinión, a introdución de criterios crecentes de reparto de fondos en base a resultados fronte a criterios históricos, é unha invitación á maior eficiencia social do sistema universitario. De tal xeito que o esforzo do conxunto da comunidade universitaria da UVigo tradúcese nestes últimos anos en mellores resultados e, polo tanto, nunha maior porcentaxe de financiamento dentro do SUG para a Universidade de Vigo. Un efecto que reduce a presión negativa da consolidación

fiscal do sector público sobre esta universidade). Di que os avances acadados en eficiencia, tanto na xestión do gasto corrente como de capital, permitiron pechar o exercicio 2012 con superávit en termos SEC'95. Resultados que contamos repetir na liquidación do exercicio 2013.

En relación as perspectivas de futuro unha vez estabilizadas as contas no pasado ano 2012, di que agardamos que este ano e os dous próximos se manteña o equilibrio orzamentario, evitando calquera tensión adicional ás derivadas do axuste da crise.

Para logralo é preciso que a nosa capacidade de captación de recursos alleos ao Plan de Financiamento se manteña nos termos destes dous últimos exercicios, en particular por contratación no sector privado e fondos europeos. Di que é imprescindible tamén manter as políticas internas que nos levaron a esta posición, eficiencia e control do gasto. Insiste en que cumprindo estas condicións, tan só novas políticas agresivas co sector público poderían poñer en risco esta situación de equilibrio acadada co esforzo de todas e todos. Remata este apartado dicindo que a institución acada unha situación de equilibrio grazas á eficiencia e á captación de fondos europeos, o equilibrio nas contas, e a vontade de non acudir a medidas excepcionais para captar fondos alleos, salvo que como xa adiantou se produzan novas políticas agresivas ao sector público.

Respecto ao Plan de Financiamento do SUG en 2014, en primeiro lugar expón a evolución das achegas da Xunta de Galicia ao SUG (2005-2014), que en 2014 se sitúa en 374.219.670 € (aproximadamente tres millóns máis que o ano anterior, debido á rectificación por parte do goberno galego sobre as súas estimacións sobre os ingresos procedentes de pagos de matrícula).

Respecto á estrutura do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (anualidade de 2014), incide na valoración positiva do reparto por criterios obxectivos, di que é pouco, pero non é desprezable.

Respecto á estimación das achegas do Plan de Financiamento do SUG á Universidade de Vigo (2014), di que o ano 2013 foi de 106.172 millóns de euros, e para o 2014 sitúase en 104.749 millóns de euros. Descontada a baixada salarial, sería de 3,36% menos.

Con relación á súa exposición do orzamento de ingresos por capítulos di que para o exercicio 2014 conta cun orzamento de ingresos de 159.655.119 €. Un valor total que comparado co orzamento de ingresos inicialmente previsto para o exercicio económico de 2013, supón unha diminución de -2,18%. A única modificación a salientar na estrutura de ingresos é que:

Nas diminucións de transferencias de capital non se contabiliza ningún ingreso que non estea seguro. Que se incrementan de maneira considerable os activos financeiros, consecuencia da execución en 2014 de proxectos captados en anualidades anteriores (Cinbio, Campus do Mar, Erasmus Mundus, Heems, Táctica ...) incremento que compensa parcialmente a redución das transferencias de capital, consecuencia de presupostar coa máxima prudencia os ingresos procedentes das convocatorias públicas de investigación e dos contratos con empresas. Sinala que o comportamento do resto dos capítulos é semellante ao de 2013.

Respecto ao orzamento de gastos, expón a configuración dos gastos por capítulos. Os comentarios máis destacables a este respecto son: en relación ao capítulo I, de gastos de persoal, di que continúa a ser a principal partida de gasto, cun 55,86% do total do orzamento e un importe de 89.190.380 €. Que isto significa unha redución de -4,34% verbo de 2013. No

exercicio 2013 a Xunta de Galicia elaborou os seus orzamentos con posterioridade ás datas previstas, polo que os da Universidade de Vigo, aprobados con anterioridade, non incorporaban a rebaixa salarial que despois se incluírían nas contas autonómicas.

Respecto ao capítulo II, de gasto corrente, di que ten unha previsión de 28.112.538 €, experimentando un alza do 12,86%. Aínda que o custe dos servizos ordinarios para o funcionamento da institución continúa diminuíndo pola vía de novas licitacións ou renegociacións de contratos, este incremento está derivado do carácter finalista de moitos dos fondos acadados, particularmente do Campus do Mar e dos proxectos Green It-Erasmus Mundus, do Tactica e do Heems, que se executarán durante o exercicio 2014.

Respecto ao Capítulo IV, de transferencias correntes, di que presenta un descenso de 22,96%, acadando un valor de 6.566.600 €. En 2013 este capítulo experimentou un importante incremento, consecuencia da execución de proxectos finalistas, que financiaban unha elevada mobilidade internacional (Campus do Mar, Green It, Erasmus Mundus). Polo que se refire aos recursos propios, o gasto na política de bolsas incrementábase, motivado polas bolsas de comedor (de 230.000 € a 280.000 €) e pola aparición das bolsas para situacións de dificultades económicas sobrevidas por mor da crise, por un importe de 80.000 €.

Respecto ao capítulo VI, de investimentos reais, di que acada unha contía de 32.015.601 €, que significa unha rebaixa de -4,05% verbo de 2013. Informa, que este capítulo continúa, sen embargo tendo un peso específico do 20% sobre o total do orzamento, valor próximo ao acadado no exercicio pasado. Nos últimos exercicios, a política de investimentos está directamente ligada á consecución de fondos finalistas, para non comprometer o funcionamento ordinario da institución.

En definitiva, sintetiza que o conxunto do gasto continúa na senda da contención, materializándose os aumentos na captación de fondos finalistas que aportan os recursos para financiar os gastos e os investimentos. Remata dicindo que o saldo corrente que pecha en 2014 é igual a un saldo positivo, razoable, que supón un equilibrio nas contas da universidade.

Remata este apartado facendo unha análise por programas de gasto.

Respecto ás liñas xerais de actuación que se propoñen seguir, di que pretenden ser coherentes coa acción de remite á lectura do documento do orzamento, non obstante, respecto de compromisos co PDI di que sendo complicada a situación, dende o equipo de goberno se fixo un gran esforzo en buscar canles de interlocución co goberno central e autonómico para desbloquear as prazas que impoñen as restricións orzamentarias e normativas, así como abrir portas de solución parcial, como a consolidación temporal de contratados doutores, como mal menor. En relación ao PAS, aposta pola carreira profesional e, en relación o PAS laboral, manter a oferta de funcionarización, e respecto o PAS funcionario continuar a negociación dunha nova relación de postos de traballo.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Armando Caballero para facer unha valoración sobre o proxecto de presuposto e sobre o equilibrio orzamentario, di que o orzamento da Xunta aumentou pero que con todo que a achega á Uvigo reduciuse.

Intervén Xan Cebro para solicitar unha reforma dos Estatutos na próxima lexislatura, para que o Claustro teña máis competencias, continúa facendo valoracións sobre a centralización

das compras para subministrados de materiais, na súa opinión despraza ás pequenas empresas de Pontevedra e Ourense, que xa non poden concursar a este tipo de licitacións públicas. Termina facendo valoracións sobre as negociacións da nova RPT.

Terminadas as intervencións, o vicerreitor de Economía e Planificación responde en primeiro lugar ao Prof. Armando Caballero que a Xunta aproba os orzamentos en febreiro de 2013 e que a Universidade elabora os seus en función da previsión de ingresos e gastos. A Xunta aplica a rebaixa salarial e a revisión por ingresos por taxas, o que supón unha caída nas achegas (literalmente onde pensabamos que había 106 ingrésase 101), que este ano se recibe 3.000.000 máis que o ano pasado, que respecto ao financiamento global a cifra é aproximada, pero que a cifra global é unha elucubración, pois non é unha cantidade exacta porque o orzamento está en fase de trámite parlamentaria.

A Xan cebro respóndelle que aínda estando comprometidos co comercio local, co novo procedemento reducíronse en gastos correntes e xerouse un aforro na compra de material en torno aos 300.000 euros. Respecto de RPT di que a intención do goberno é chegar a acordos.

Incorpórase á acta o informe do Proxecto de Orzamento (**Anexo I**).

Punto 4. Eleccións ao Claustro Universitario: aprobación, se procede, dos agrupamentos de centros que haberán de constituír as circunscricións electorais para o sector “outro persoal docente e investigador” (art. 4.4 do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario).

O reitor dá a palabra á secretaria xeral, quen dá conta do artigo 4.4. do Regulamento do Claustro Universitario que establece que *O Claustro Universitario con antelación á convocatoria de eleccións, decidirá verbo dos agrupamentos de centros co fin de constituír as circunscricións electorais para o sector doutro persoal docente e investigador, de xeito que se garanta unha adecuada correspondencia entre o número de membros do sector nas circunscricións e o número de representantes no Claustro.*

Engade que no vindeiro ano 2014 hai que convocar eleccións ao Claustro Universitario, para ese efecto preséntase unha proposta de agrupamentos que precisa algunhas modificacións respecto da aprobada no ano 2010, debido á unificación da Escola de Enxeñaría Industrial. Os cambios propostos son:

- A Escola de Enxeñaría Industrial constitúe unha circunscrición única.
- A Escola Universitaria de Estudos Empresariais únese á agrupación formada por: Facultade de Filoloxía e Tradución, Facultade de CC. Económicas e Empresariais e Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo.

Apróbase por asentimento a proposta que figura no **Anexo II**.

Punto 5. Presentación do proxecto de regulamento de estudantes da Universidade de Vigo e información do procedemento de propostas de mellora.

O reitor da a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais quen se dirixe ao reitor e demais membros da Mesa do Claustro e aos claustrais co que segue a continuación.

Que a proposta de Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo desenvolve o Estatuto do Estudante Universitario, aprobado polo Real decreto 1781/2010, de 13 de decembro, dentro do marco normativo establecido polos Estatutos da Universidade de Vigo.

Que, para iso, realizouse unha profunda análise da aplicación do Regulamento de estudantes vixente, aprobado por este Claustro Universitario o 3 de abril de 2001, detectando os seus puntos fortes, as súas eivas, aspectos que perderon vixencia e aspectos que requiren actualización, para adaptalos ao novo modelo de universidade, consecuencia da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior.

Que ademais, recolléronse multitude de contribucións de todos os sectores da comunidade universitaria, estudantes, membros do PDI e do PAS, que de maneira proactiva viñeron facendo suxestións e propostas que, obviamente, se tiveron en conta para a elaboración deste borrador.

Que finalmente, realizouse unha primeira posta en común con representantes do estudiantado xunto coa proposta de Regulamento de avaliación e cualificación do alumnado, que se vai presentar no seguinte punto da orde do día. De feito, desenvolvéronse e analizáronse en conxunto os dous documentos. Esta posta en común deu lugar á proposta de Regulamento de estudantes sometido a este Claustro para a súa análise, así como á proposta de Regulamento de avaliación e cualificación que se vai presentar a continuación.

Que asemade, a proposta trasladouse a Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo, e o documento que se está a presentar aquí inclúe tamén as súas apreciacións, fundamentalmente de tipo técnico.

Engade que se trata dunha proposta de Regulamento de estudiantado que se desenvolve fundamentalmente ao redor dos dereitos e os deberes do estudiantado, dedicando tamén unha atención especial á representación e participación estudantil. Estes aspectos, xunto cun conxunto de disposicións xerais que definen de maneira clara o obxecto e ámbito de aplicación do mesmo, completan o texto que está á súa disposición.

Que en canto aos dereitos do estudiantado, como non podía ser doutra maneira, confírmanse todos os dereitos recollidos no Estatuto do Estudante Universitario, pero tamén se desenvolven estes dereitos para reflectir de forma explícita dereitos asociados aos estudos de grao e máster, dereitos asociados ao estudiantado participante en programas de doutoramento, dereitos básicos relacionados coa actividade académica (digo dereitos básicos porque, como ben saben, o desenvolvemento regulamentario dos procesos de avaliación e cualificación recolleranse nun texto normativo específico que se presentará a continuación), dereitos asociados ás bolsas e axudas ao estudo, dereitos en relación coa mobilidade estudantil, e dereitos relativos á orientación e titorización académica.

Por outra banda, os e as estudantes da nosa Universidade, ademais de dereitos, adquiren o compromiso de ter unha presenza activa e responsable na nosa Universidade. Ese compromiso materialízase nunha carta de deberes do que se detallan no Capítulo III do documento.

O vicerreitor salienta que a proposta de regulamento dedica unha atención especial á representación e participación estudantil, definindo claramente os instrumentos de representación do estudiantado, os dereitos e deberes específicos dos e das representantes

estudiantís, os instrumentos de asociacionismo estudiantil, e as canles de participación social e cooperación dos e das estudantes da nosa Universidade.

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais remata a súa intervención agradecendo a todos os membros da comunidade universitaria a contribución á redacción da proposta de Regulamento de estudantes que se presenta hoxe, e especialmente aós e ás representantes do estudiantado. Engade que é consciente de que non foi sinxelo redactar un documento como este, cun consenso o suficientemente amplo como para poder presentalo hoxe aquí, perante o Claustro Universitario. Que en calquera caso, quero recoñece publicamente a xenerosidade de todos os participantes no proceso, xa que, entre todos, foron quen de superar as diferenzas, en moitos casos importantes, e resaltar e reforzar os puntos en común, para acordar unha proposta de consenso que, aínda sen ser perfecta, está convencido que nos enorgullece a todos.

Rematada a intervención, o reitor di que o proxecto será exposto a información pública de acordo cun procedemento aprobado por la Mesa do Claustro, que permitirá dar a coñecelo a toda a comunidade universitaria. Que as propostas de mellora ao regulamento pódense presentar ata o 14 de febreiro a través dos representantes de Claustro. Por iso, apela á complicitade dos membros de Claustro para facilitar a chegada á Mesa do Claustro das distintas propostas e opinións de todos os colectivos implicados.

Punto 6. Presentación do proxecto de regulamento de avaliación e cualificación da aprendizaxe do alumnado da Universidade de Vigo e información do procedemento de propostas de mellora.

O reitor dá a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen se dirixe ao reitor e demais membros da Mesa do Claustro e os claustrais coas seguintes palabras.

Comeza dicindo que, dende sempre, os Estatutos da Universidade de Vigo aluden en varios dos seus artigos a un Regulamento de Avaliación e Cualificación do estudiantado, unha normativa que nunca foi aprobada polo Claustro que, a diferenza doutras universidades, é o órgano ao que os Estatutos atribúen esa competencia.

Que as cuestións que teñen que ver coa avaliación e cualificación da aprendizaxe do alumnado, ata o momento, están reguladas por diversas normativas, fundamentalmente polo Regulamento de Estudantes e polas normas de permanencia.

Que hai diversas razóns que nos levan a propoñer hoxe ante o Claustro para o seu debate, mellora e, esperemos que no presente curso, aprobación, un proxecto de Regulamento de Avaliación e Cualificación. Cumprindo ademais coa esixencia establecida na disposición transitoria primeira dos Estatutos, que recolle todas as normativas que deben ser elaboradas trala súa última modificación (como o Regulamento de Estudantes, cuxo proxecto acaba de ser presentado polo meu compañeiro Manuel Fernández Iglesias).

A primeira das razóns por la precisamente, debemos dotarnos dun novo Regulamento de Estudantes é adaptalo ao Estatuto do Estudante Universitario, o que abre a oportunidade de reordenar o corpo normativo, e no que, como dixo o anteriormente o Vicerreitor de extensión universitaria, recóllense os dereitos básicos dos estudantes no relativo á avaliación e cualificación.

Engade que hai outras razóns que teñen que ver coa necesidade de regular os procesos de avaliación e cualificación, de acordo á nova situación derivada da adaptación dos estudos ao EEES.

Así, dende centros e titulacións e dende os mesmos docentes ou alumnado, que loxicamente adaptaron á súa actividade aos novos requirimentos duns estudos centrados no ECTS, demándase a clarificación e regulación de asuntos como a avaliación continua, a avaliación da asistencia ás actividades docentes e outros.

Ademais, están pendentes de desenvolvemento procesos como a Avaliación por Compensación nos estudos de grao e máster, nun momento onde xa comeza a haber estudantes que están rematando os estudos de grao, e que estarían en condicións de optar a esta modalidade de avaliación que establece a normativa de progreso e permanencia.

Noutra orde de cousas, o vicerreitor de Docencia e alumnado di que é urxente a regulación de todo o proceso de reclamación de cualificacións adaptado á nova organización académica dos estudos, unha situación onde a docencia dunha materia pode depender dun só departamento ou de varios departamentos, e que non encontra axuste nos procesos vixentes.

Sinala que hai outras cuestións relacionadas que precisan regulación, a título de exemplo cita o recollido no artigo 102 dos Estatutos: *A Universidade investigará de oficio, segundo as normas e procedementos que estableza o regulamento de avaliación e cualificación, a reiteración de resultados manifestamente negativos na cualificación dunha materia.*

O vicerreitor facendo referencia a que “cambiando o sombreiro de vicerreitor de alumnado e docencia, polo de vicerreitor de calidade”, di que é un bo momento de regular este asunto, xa que contamos con órganos con responsabilidade na calidade das titulacións, mesmo que teñen a obriga da reflexión sobre os resultados obtidos na docencia-aprendizaxe e o seu seguimento.

Ben, xa vostedes coñecen o borrador proposto, polo que non entrarei moito no detalle, se no que basicamente aproveitarei para expoñer as bases conceptuais e legais nas que se sustenta a proposta.

Por dicilo así, a culpa de todo é do ECTS, é dicir, é consecuencia dun sistema no que a actividade dos estudos ten como eixo a tarefa do estudantado ou de cada estudante, segundo queiramos consideralo.

Penso que non se adoita apreciar a potencialidade transformadora da actividade docente e discente que foi xestada cando, coa implantación do ECTS, se provocou o cambio do seu centro de gravidade, dende o docente ao discente, dende o profesorado ao alumnado.

Na miña opinión, os grandes tótems da ensinanza universitaria estanse a cuestionar:

- O docente como depositario e único transmisor do coñecemento, moito máis o docente que se considera gardián das esencias da súa materia ou especialidade
- O alumnado como suxeito pasivo, como alguén que é formado ou que é ensinado
- O docente como simple xuíz, ou como notario que levanta acta

- O exame como o gran acontecemento, con una forte carga ritual, cara ao que apunta toda a actividade de estudo,

Incluso nesa potencialidade transformadora xerada polo ECTS, en combinación cunha actividade de docencia-aprendizaxe baseada na adquisición de competencias, está o cuestionamento do concepto mesmo de materia como un núcleo pechado de contidos.

Non vou a estenderme no desenvolvemento desta apaixonante idea, si apuntarei que, aínda que a veces a universidade é unha institución que parece cambiar a una desesperante velocidade xeolóxica, esa potencialidade é tamén a oportunidade da modernización dos procesos e os métodos de docencia-aprendizaxe, o que é dicir, á vista dos aspectos cuestionados que relatei, unha oportunidade de modernización, de posta ao día da universidade en profundidade nunha das súas misións máis importantes.

E ese potencial transformador apunta, como entenderán, aos procesos de avaliación das aprendizaxes, e o proxecto de Regulamento de avaliación e cualificación que estou presentándolles quere aproveitaralo.

Pero vou a aterrar un pouco.

Dicía antes que a culpa foi do ECTS.

Cando nos estudos a actividade está centrada nas tarefas que va desenvolvendo o alumnado ao longo dun período marcado, cando se entende que acadar competencias e coñecementos é resultado progresivo desa tarefa estendida no tempo, a consecuencia é a avaliación continuada no tempo da adquisición das competencias.

Así, o Estatuto do Estudante Universitario recolle no seu artigo 7, entre os dereitos comúns a todo o estudiantado, o dereito:

“h) A unha avaliación obxectiva e, sempre que sexa posible, continua, baseada nunha metodoloxía activa de docencia e aprendizaxe.”

Máis adiante, no seu Art. 25 que se refire á Avaliación das aprendizaxes do estudante, o primeiro que di é:

“1. A avaliación do rendemento académico dos estudantes responderá a criterios públicos e obxectivos, e tenderá cara a avaliación continua, entendida como ferramenta de corresponsabilidade educativa e como un elemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe que informa ao estudante sobre o seu proceso de aprendizaxe.”

(O Regulamento de estudantes presentado reflicte directamente estas dúas cuestións do Estatuto do Estudante Universitario)

Ben, en consecuencia, o proxecto de Regulamento de avaliación establece que, na nosa Universidade, as metodoloxías de avaliación nas titulacións de grao e máster, responderán habitualmente a criterios de avaliación continua. De forma que a avaliación é verdadeiramente unha ferramenta máis de aprendizaxe, xa que o alumnado vai coñecendo a súa situación con respecto á adquisición de coñecementos e competencias e, pode ser suxeito e responsable da súa propia formación.

E, segundo o Estatuto do Estudante Universitario do que se deduce que a avaliación continua é un dereito do estudantado, e que así será, sempre que sexa posible, o regulamento atende ás situacións nas que a avaliación continua non é posible.

No que se refire aos procesos de avaliación, remarcaría como novidade o recollido no Art. 14, que abre a posibilidade de establecer comités de avaliación que consideren conxuntos de competencias docentes maiores que as “asignaturas” segundo a denominación do RD 1393, (módulos, materias, cursos), ou competencias transversais da titulación.

En principio, é de prever que non se faga demasiado uso deste artigo, pero deixa aberto un camiño para o futuro cando nos deamos conta que, de cara a mellora e a acreditación das titulacións, será importante ter mecanismos de control das competencias adquiridas polo estudantado, máis aló da estrita cualificación das materias.

No proceso de revisión e reclamación de cualificacións, os Estatutos non deixan marxe de manobra en prazos e responsabilidades, polo que non hai grandes diferenzas coa situación actual.

O que se intentou é reaxustar o papel dos departamentos na revisión das cualificacións, que deriva das competencias que lle atribúen os Estatutos, a unha nova situación na que as materias non están adscritas a áreas, e na que, como dicía antes, hai materias en que a súa docencia está repartida entre varios departamentos. Así, entran en xogo órganos con responsabilidade académica a nivel de titulación.

Polo demais, os procedementos son bastante similares aos actuais, e as garantías do estudante quedan respectadas.

Na avaliación por compensación hai bastantes variacións co respecto á situación actual, ás que máis poden chamar a atención son o uso do sistema de cualificación ECTS, e do Traballo de Fin de Grao e Traballo Fin de Máster como mecanismos de avaliación por compensación.

De por si o traballos de fin de grao e de máster deben ser una sorte de avaliación curricular, de feito van ser usados polas axencias de calidade como evidencia da adquisición das competencias da titulación nos procesos de súa acreditación.

Pero no que á avaliación por compensación se refire, máis importante case me parece o establecemento de criterios básicos para ás comisións que efectúen esta avaliación, de forma que se eviten actuacións arbitrarias.

Vou rematando.

E certo que neste Claustro temos unha responsabilidade institucional e estamos ante un dilema. O dilema que temos formulado neste momento ante este proxecto de Regulamento ten que ver co seu debuxo definitivo.

Quen se dedicou algunha vez ao debuxo sabe que a cuestión é buscar unha alínea adecuada, un límite, que consiga que aínda que o resultado sexa unha maraña, nesa maraña algo sexa visible, sexa recoñecible e nos recoñezamos. Saíndo un pouco da metáfora, neste caso o límite que debemos definir é entre o que facemos no que avaliación das aprendizaxes se refire, e o que queremos e debemos facer. Non levar a alínea demasiado alá, de xeito que sexa incomprendible dende a nosa situación ou definamos algo que non podemos aplicar. Pero non

deixala demasiado acá, de maneira que nos quedemos como estábamos e perdamos a posibilidade de avanzar e adaptarnos aos novos tempos.

Finalmente, quero invitarlles a que fagan unha lectura do proxecto sen visións cicateras, cortas, subxectivas ou curtopracistas, enténdelo como unha ferramenta básica na definición dun modelo actualizado de docencia e aprendizaxe, propio dunha universidade con vocación de contemporaneidade e visión de futuro. E que, no mesmo xeito, aporten ás súas contribucións ao proxecto, desmentindo o que dicía antes sobre a institución universitaria, que se transforma co velocidade xeolóxica. Remata agradecendo a atención prestada.

Punto 7. Aprobación, se procede, da reforma puntual do artigo 16.2 do Regulamento de Profesorado.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen dá conta do actual marco normativo en orde ao nomeamento de profesores eméritos.

Sinala que o actual art. 94 dos Estatutos establecen que a: “1. A Universidade de Vigo poderá nomear profesorado emérito entre o seu profesorado xubilado que prestase destacados servizos docentes e investigadores á Universidade.” E no parágrafo 2 que “ou nomeamento do profesorado emérito será acordado polo Consello de Goberno por proposta dun departamento”.

Continúa dicindo que o Regulamento de profesorado, aprobado polo Claustro na súa sesión de 24 de xullo de 2012, establece no seu artigo 16, parágrafo 1º que: “A Universidade de Vigo poderá nomear profesorado emérito entre profesorado xubilado que prestase destacados servizos docentes e investigadores á Universidade”. Engade que no parágrafo 2º di que: “A contratación de profesorado emérito será acordada polo Consello de Goberno por proposta do departamento ao que pertence o profesor ou a profesora. Para tal efecto, o Consello de Goberno aprobará unha normativa que estableza as condicións de acceso á figura de profesorado emérito, retribución, termos da súa colaboración docente e investigadora, e máis a súa duración.”

A secretaria xeral informa que se presenta unha proposta de reforma do artigo 16.2 do Regulamento de profesorado que conta co apoio do grupo Nova Universidade. A proposta de modificación do Regulamento de profesorado vai na liña de que os departamentos están obrigados a tramitar as propostas, con independencia de se o acordo do Consello de Departamento é ou non favorable ao nomeamento de emérito. A documentación remitida deberá ir acompañada dun informe preceptivo e non vinculante.

Conclúe que de aceptarse a modificación, o artigo 16.2 quedaría redactado como segue a continuación:

A contratación de profesorado emérito será acordada polo Consello de Goberno por proposta do Departamento ao que pertence a ou o docente. Para ese efecto, o Departamento, a instancia da persoa interesada, deberá remitirlle ao Consello de Goberno a súa proposta favorable ou desfavorable de nomeamento, que deberá ir acompañada dun informe preceptivo e non vinculante, xustificativo da decisión adoptada no Consello de Departamento.

A secretaria xeral informa que no caso de ser aprobada polo Claustro, sería necesario modificar a redacción do punto 3 da Normativa de nomeamento de profesorado emérito, que foi aprobada no Consello de Goberno de 21 de febreiro de 2013.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén a profesora Rosa Pérez para dicir que está en contra da reforma do artigo 16.2 do Regulamento de profesorado, e coherentemente rexeita a proposta de reforma da normativa que agora se propón. Argumenta a súa oposición nos seguintes motivos, que se transcriben literalmente:

1. Os Estatutos da Universidade de Vigo, no artigo 94, confiren aos departamentos a potestade de propoñer a determinados profesores ou profesoras para a figura de profesor emérito ante o Consello de Goberno, órgano que, en último termo, acorda o nomeamento.

2. Este artigo dos Estatutos é moi claro. Non parece difícil de interpretar. O Consello de Goberno nomea por proposta do departamento. Non hai proposta, non hai nomeamento. É o departamento quen debe propoñer ao profesorado emérito. Os Estatutos conceden así a este ente administrativo, no que o candidato a emérito vai desenvolver as súas actividades, a liberdade para propoñelo ou non propoñelo ante o Consello de Goberno. Así está recollido actualmente no Regulamento de profesorado no seu artigo 16.2.

3. Nesta mesma liña vai a interpretación do Consello de Goberno cando afirma, na Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo (Aprobada en Consello de Goberno de 21 de febreiro de 2013) o seguinte:

A proposta de nomeamento de profesorado emérito deberá ser aprobada no Consello do Departamento ao que pertence o profesor ou profesora, previa petición de este/a. Antes do 30 de abril de cada curso académico, os departamentos poderán presentar na vicerreitoría con competencias en materia de profesorado propostas para a contratación de profesorado emérito no curso seguinte, así como solicitudes para a concesión de prórrogas dos contratos que finalicen durante o seguinte curso. As propostas deberán vir acompañadas dun informe do departamento ao que pertence o profesor ou profesora no que debe figurar o plan de traballo a desenvolver pola persoa candidata. As ditas tarefas consistirán, preferentemente, na dirección de actividades de investigación, en estudos de especialización científica e profesional, en actividades de extensión universitaria e outras equiparables.

4. A proposta de reforma do artigo 16.2 do Regulamento de Profesorado atenta contra o recollido no artigo 94 dos Estatutos da Universidade de Vigo e na Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo (aprobada hai apenas uns meses) no sentido de que obriga aos departamentos a propoñer necesariamente ao candidato que o solicite, como se recolle expresamente na proposta de reforma (e cito): “o Departamento, a instancia da persoa interesada, deberá remitirle ao Consello de Goberno a súa proposta favorable ou desfavorable de nomeamento”. Esta proposta de reforma atenta tamén contra o sentido común, se se me permite dicilo, e contra o normal uso da lingua; non é preciso ser profesor de lingua para saber que non ten sentido tal cousa como “proposta desfavorable de nomeamento”. (“Vanme propoñer na empresa para un ascenso!”, “Ah, si? Pero favorablemente ou desfavorablemente?” “Vou propoñer a esta profesora desfavorablemente como Coordinadora de grao”). Ou hai proposta ou non a hai. Propoñer desfavorablemente só pode ser non propoñer ou propoñer que non: debería o departamento comunicar que non propón o nomeamento dun emérito? ou debe comunicar que propón que non se nomee? E, se un departamento non

propón ou propón que non, como podería o Consello de Goberno nomear un emérito por proposta dun departamento se non hai proposta? Parece claro que esta redacción que se recolle na proposta de reforma é un intento pouco disimulado de pasar por enriba do que se di nos Estatutos (por proposta do departamento) pero mantendo a palabra proposta para que pareza que se respecta a norma.

5. Neste sentido, a redacción que se propón aínda vai máis alá, posto que a proposta do departamento, ademais de ser obrigatoria (aínda que pode ser, polo que se ve, unha antiproposta, que é algo que non existe), debe acompañarse dun informe favorable ou desfavorable que, curiosamente, blinda a aínda máis a incapacitación do departamento para propoñer profesorado emérito, xa que non é vinculante. Pensemos no curioso da situación: nos Estatutos indícase que o Consello de Goberno nomea profesorado emérito por proposta do departamento correspondente. Non se trata de que o Consello de Goberno, á hora de nomear profesorado emérito, pida informes ao departamento ou lle pida o parecer; non: é preciso que o Departamento propoña o nomeamento. Ben, pois a pesar diso, pódese dar o caso (e, de aprobarse esta normativa, darase) de que o Consello de Goberno nomee un profesor emérito tendo en conta un informe desfavorable dun departamento que propón que non se nomee a tal profesor. Se as cousas van ser así, digámolo claramente e modifiquemos os Estatutos. O contrario é unha burla, porque, insisto, se a reforma vai adiante, daríase o sinsentido de que un Departamento tería, de ser o caso, a obriga de propoñer ao Consello de Goberno que non contrate a un emérito ou emérita e, aínda así, o Consello de Goberno podería nomealo ou nomeala.

6. Algo que me preocupa, ademais, é a razón de que se propoña esta modificación agora. Cal é o interese xeral desta modificación? Que vantaxes ten e para quen? Por que habería que modificar agora o aprobado hai menos dun ano?

7. Di que se pode pensar que esta reforma se propón para evitar que os departamentos actúen neste asunto de maneira arbitraria. Entón, cales serían os criterios (non arbitrarios) que empregaría o Consello de Goberno para actuar contra a proposta (ou, mellor dito, a falta de proposta) dun Consello de Departamento? En que casos o faría? En todos? E, indo un pouco máis alá, en que outros casos de contratación deberían os Departamentos elevar propostas inexistentes ao Consello de Goberno?

A Prof^a Rosa Pérez remata a súa intervención dicindo que os Estatutos e demais normativas recoñecen aos departamentos as tarefas de organización docente, a proposta de contratación e as propostas de saídas a concurso das prazas. A reforma que hoxe se discute contravén estas normas. Pide aos membros do Claustro que se rexeite a solicitude de reforma do articulado que regula o procedemento de nomeamento de profesorado emérito.

Non habendo máis intervencións procédese á votación:

Votos a favor: 22

Votos en contra: 5

Abstencións: 16

Apróbase por maioría a reforma do art. 16.2 do Regulamento de profesorado (**Anexo III**).

Punto 8. Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:

- a) Sector Estudantes: 2
- b) Sector Decanos/Directores: 1

Toma a palabra o reitor para anunciar que tal e como adiantou ao comezo da sesión, daranse 15 minutos para que podan votar todas aquelas persoas que non o fixeron.

Rematados os 15 minutos procederase ao reconto de votos e, seguidamente, ao último punto da orde do día que é rogos e preguntas.

a) Polo sector estudantes presentáronse as seguintes candidaturas:

- Álvarez Moreira, José Angel
- González Bello, Marcos
- Veleiro Pinal, Iván

Efectuada a votación e o reconto dos votos, as persoas elixidas para formar parte do Consello de Goberno polo sector estudantes son:

- Iván Veleiro Pinal con 3 votos
- Ángel Álvarez Moreira con 2 votos

b) Polo sector Decanos/as e Directores/as presentáronse as seguintes candidaturas:

- Rubio Armesto, Belén

Como hai un posto non é preciso celebrar eleccións.

Punto 9. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

- a) Sector PDI-A: 1
- b) Sector Estudantes: 2

De acordo co artigo 143.3 dos Estatutos, os candidatos teñen que obter 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector.

a) Sector PDI-A: Soamente poderán votar o PDI-A.

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Rodríguez Gallardo, Ángel
- Sánchez Moreiras, Adela
- Soto Carballo, Jorge Genaro

Os claustrais presentes son: 70

O nº de votos que ten que ter o candidato elixido son: 47

Feito o reconto devotos, votaron: 44.

Efectuada a votación e o recuento dos votos, a relación de votos por candidaturas foron:

- Rodríguez Gallardo, Ángel: 2 votos
- Sánchez Moreiras, Adela. 3 votos
- Soto Carballo, Jorge Genaro. 36 votos

Non obtendo o número de votos necesarios, queda vacante o posto de representación do sector PDI-A no Tribunal de Garantías.

b) Sector Estudiantes: Soamente poderán votar os estudantes.

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Díaz Vázquez, José David
- Esperón Campos, Sara
- Fernández Costa, Alberto
- González Bello, Marcos
- Pereira Moreira, Roberto
- Puga Alonso, Javier

O nº de estudantes claustrais presentes é: 9

O nº de votos que teñen que ter os candidatos elixidos son: 6

- Díaz Vázquez, José David
- Esperón Campos, Sara
- Fernández Costa, Alberto
- González Bello, Marcos
- Pereira Moreira, Roberto
- Puga Alonso, Javier
-

Efectuada a votación e o recuento dos votos, a relación de votos por candidaturas foron:

- Díaz Vázquez, José David: 0 votos
- Esperón Campos, Sara: 0 votos
- Fernández Costa, Alberto: 0 votos
- González Bello, Marcos: 1 voto
- Pereira Moreira, Roberto: 0 votos
- Puga Alonso, Javier: 8 votos

Javier Puga Alonso pasa a ser representante, polo sector Estudiantes, no Tribunal de Garantías.

Punto 10. Elección dos seguintes postos na Comisión Electoral:

a) Sector PDI-B: 1

Non se presentou ningunha candidatura, polo que o posto queda vacante.

Punto 11. Rogos e preguntas.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén a Prof. María do Carmo Enríquez para facer as manifestacións que figuran anexas á acta (**Anexo IV**).

Intervén Elisa Ábalos Díaz, en representación dos estudantes, para facer consideración pola dificultade que os estudantes teñen para coñecer quen son os seus representantes no Claustro, polo que solicita colaboración para dar a coñecer o seu correo electrónico a quen o solicite. Tamén pregunta sobre aspectos do futuro debate dos regulamentos; pide información sobre quen son os destinatarios dos borradores, se se difundirán entre todas as delegacións de estudantes e se se pensou en convocar reunións, etc.

Responde o reitor expoñéndolles o procedemento aprobado pola Mesa do Claustro; infórmalle que foi adoptado pensando en dar resposta ás preocupacións expresadas polos distintos sectores da comunidade universitaria sobre os borradores iniciais, e das que ha ter coñecemento o equipo de goberno. Manifesta que o novo procedemento se inicia coa exposición pública de ámbolos dous proxectos á comunidade universitaria a través da web da Universidade de Vigo. Deste xeito, é posible que toda a comunidade poida acceder ao seu contido, participar con suxestións e remitir as súas propostas aos claustrais ata o día 14 de febreiro. Os claustrais serán os encargados de avalalas e facerllas chegar á Mesa do Claustro por medio dun correo dirixido ao reitor en calidade de presidente da Mesa. Engade que unha vez recibidas pola Mesa, e trala análise da súa viabilidade técnica e compatibilidade coa normativa académica, serán obxecto de defensa e debate nun próximo Claustro.

Intervén o vicerreitor de Docencia, Alumnado e Calidade para dicir que no proceso que se seguiu para a elaboración dos documentos buscou o protagonismo directo dos representantes dos estudantes; que entenderon que se difundira suficientemente entre todos os estudantes por medio dos seus representantes no Claustro, que se lle enviaron fichas e ata se recibiron alegacións que se traduciron en modificacións no texto presentado.

Intervén Jorge de los Bueis, en representación dos estudantes, para dicir que se reuniu coa delegación de estudantes do seu centro e que lle transmitiron as inquietudes que xeraran os textos, por este motivo, agradece a modificación dos puntos da orde do día, relativos á discusión dos borradores de regulamentos. Pregunta se as propostas de mellora deben ser presentadas e avaladas por 10 representantes do mesmo sector estudante ou tamén poden selo a través do sector de profesorado.

Intervén Álvarez Moreira, en representación dos estudantes, coa intervención que consta no **Anexo V**.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 horas do día 13 de decembro de 2013, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº. e pr. do Reitor.



O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral

Mª Inmaculada Valeije Álvarez